



hey.

# BO DÍA!!!

Espero que esteades a facer a tarefa do medio ambiente de naturais que, por outro lado, tamén está relacionada con sociais pois as paisaxes, o clima, o tempo ... ten que ver co medio ambiente tamén.

Aquí deixo a corrección do exercicios que mandei o mércores pasado. Penso que era moi sinxelo pero igualmente deixo o enlace ao vídeo.

<https://youtu.be/wNxG9QyJuaY>

Agora, imos escribir un pequeno resumo sobre a Prehistoria en Galicia porque...houbo unha etapa prehistórica tamén.

## A PREHISTORIA EN GALICIA

As primeiras probas de presenza humana en Galicia é de máis de 300 000 anos en zona costeira como A Guarda e outras de interior como Porriño. É dicir, do Paleolítico con restos de materia orgánica e ferramentas propias da época como puñais, arpóns e agullas feitos con ósos, pedras e paus.

No Neolítico, Galicia (igual que en outros lugares) vive o avance da agricultura e gandaría. Amais, apareceron os primeiros poboados e unha nova forma de cultura chamado megalitismo (construción en pedra: dólmenes, menhires e cromlechs). Hai gran cantidade de dólmenes no norte de Portugal e Galicia.

Tamén houbo petróglifos e litografías realizadas en pedra ao aire libre como arte rupestre. Son debuxos abstractos con forma de labirintos e debuxos xeométricos.

Deixo un enlace ao seguinte vídeo no que veredes como vivían en Galicia durante a etapa prehistórica. Falan dos celtas, poboación que viviu en Galicia ao final da Prehistoria e antes da chegada dos romanos.

<https://www.youtube.com/watch?v=4XnPo58oAYg>

Por último, gustaríame que debuxarades un dolmen e un petróglifo galego, podedes buscar en internet pois hai moitos exemplos. Deixo aquí dous exemplos.



PETRÓGLIFO MOGOR  
(Pontevedra)



DOLMEN DE AXEITOS  
(A Coruña)